

PICKPOCKET

Robert Bresson, 1959

1378

ESTREA EN NUMAX: 20.09.2024 | V.O.S.E. | +13 | 75 min

Michel é un carteirista que non rouba por necesidade, tampouco é cleptómano, rouba para darse a si mesmo un valor, porque o roubo é o medio de expresar os seus sentimentos.

«Un dos mellores e máis puros filmes de Bresson, cheo de silenciosa transgresión e repentina graza»

Dave Kehr, CHICAGO TRIBUNE



Cinematógrafo: nova maneira de sentir

Por SantosZunzunegui

De todas as impugnacións sobre as que se asenta o “cinematógrafo” a primeira alude á súa propia condición dado que Bresson nega que as súas películas poidan ser adscritas á categoría “cinema”. Tal e como se formula en repetidos aforismos das "Notas sobre o cinematógrafo" (redactadas maioritariamente entre 1950 e 1958) todas as súas obras preséntanse baixo a explícita vontade de non-ser-cinema. Bresson explicouno con meridiana claridade: o cinema de todos os días non é senón “teatro bastardo”, “teatro fotografado” xa que nel apenas se ofrece ao espectador outra cousa que “a reprodución fotográfica dun espectáculo” que carece da presenza irrefutable, en vivo, carnal, dos actores.

Convén lembrar que a obra de Bresson esténdese ao longo de cinco décadas, unha obra limitada a trece longametraxes, concibidas todas desde a máxima esixencia artística. Aos que sería un erro non engadir, en igualdade de condicións un texto literario que é un condensado da experiencia da realización duns filmes aos que ilumina de maneira decisiva, tanto como é, á súa vez, iluminado por eles. Dúas palabras chave: coherencia, estilo. O segundo non existe sen o primeiro. Un estilo, o de Bresson que o mesmo definirá con precisión cando apuntaba en 1951 que “fago un filme como escribiría un poema. Busco o ton”.

Xunto á estrañeza que produce no espectador a radical ruptura que Bresson propón cos hábitos interpretativos dominantes (modelos versus actores), existe, sen dúbida, outro tipo de estrañeza non menos forte: a que deriva da contemplación dunhas imaxes que parecen situarse baixo o signo da máis extremada fragmentación. Ata o punto de que nestas películas o tratamento do espazo parecen levarse a cabo en flagrante ausencia deses marcos xerais (visuais, narrativos) que no cinema tradicional enmarcan, baixo criterios de tipo dramático-psicolóxico, o devir dos filmes.

De feito estamos ante un punto central da estilística bressoniana. Posto baixo a advocación de Pascal, un dos aforismos centrais das Notas, precisamente titulado "Da fragmentación", afirma con rotundidade o carácter esencial desta última: “É indispensable se non se quere caer na representación. Ver as cousas e os seres nos seus partes separables. Illar esas partes. Volvelas independentes para impoñerlles unha nova dependencia”. Non fai falta citar outra escena que a que abre Pickpocket situada no hipódromo de Longchamps para caer na conta desta idea na que a autonomía das mans, rostros e obxectos deseñan un ballet que leva a cabo baixo os sons que acompañan unha carreira de cabalos que xamais veremos aínda que estará extraordinariamente presente grazas ao son e na que o sobresalto causado pola apertura do peche dun bolso, resulta moito máis impactante que toda unha escena bélica dun filme de espectáculo.

Pero a fragmentación afectará, tamén, á organización dos relatos. As historias de Bresson organízanse como relatos a partir de varias ideas motrices: primeiro, a minimización, en moitos casos, dun material anecdótico que rexeita organizarse ao redor de núcleos fortes claramente definidos e ao que lle fai eco a parquedade dunha construción que adoita desdeñar todo artificio compositivo, que se presenta como claramente antidramática exhibindo unha organización marcadamente lineal. "Que a causa siga para o efecto e que non o acompañe nin o preceda. O outro día atraveso os xardíns de Notre Dâme e crúzome cun home cuxos ollos perciben detrás dun algo que non podo ver, e de golpe ilumínanse. Se á vez que o home divisase á moza e ao pequeno cara aos cales foi correndo, ese rostro feliz non me impresionase tanto; talvez nin sequera repararía en el".